



SAL. 001242 02.02.12 10:09

Á vista do escrito do Director Comisario do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información da Universidade de Santiago de Compostela, D. Paulo Félix Lamas (en adiante, CITIUS), polo que manifesta a súa disposición a recibir alumnos en prácticas das titulacións de Enxeñaría Informática da Escola Técnica Superior de Enxeñaría (ET en Informática de Sistemas Grao en Enxeñaría Informática e Master Universitario en Tecnoloxías da Información), esta REITORÍA

-Considerando que na ETSE impártense as titulacións de *ET en Informática de Sistemas*, de *Grao en Enxeñaría Informática e Master Universitario en Tecnoloxías da Información*. Na titulación de *ET en Informática de Sistemas* recóllese a posibilidade de que os alumnos realicen prácticas en empresas, institucións públicas ou privadas (ata 22.5 créditos de libre configuración; 1 crédito por cada 30 h). Así mesmo, no plan de estudos do *Grao en Enxeñaría Informática* figura a materia Prácticas Externas (de 9 ECTS; cun traballo do alumno de 25 h por cada ECTS). No plan de estudos do *Master Universitario en Tecnoloxías da Información*, no itinerario profesional, figura a materia Prácticas Externas (de 12 créditos ECTS). Con estas prácticas preténdese que os estudantes desenvolvan os coñecementos e habilidades adquiridos ao longo dos estudos.

-Considerando que o CITIUS arriba citado está integrado na Universidade de Santiago de Compostela.

-Considerando que é vontade da Universidade potenciar a realización de actividades de formación, especialización e prácticas en no ámbito dos estudos das titulacións de Enxeñaría Informática, coa finalidade de contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación do estudantado.

RESOLVE

1. Autorizar a realización de prácticas do alumnado das titulacións de Enxeñaría Informática da ETSE nas instalacións do CITIUS.
2. Establecer que o réxime das practicas será o seguinte:
 - Durante o período non lectivo, as prácticas que realicen os alumnos constarán de 30 horas semanais. Durante o período lectivo a dedicación máxima será de 15 horas, salvo casos excepcionais. Computarase un crédito por cada trinta horas de prácticas para a titulación de ET en Informática de Sistemas, e 1 crédito ECTS por cada 25 horas de prácticas para os alumnos do Grao en Enxeñaría Informática, sen poder superar o límite de 675 e 225 horas, respectivamente, que establecen os planos de estudio para estes efectos. No Master Universitario en Tecnoloxías da Información computarase 1 crédito por cada 25 horas ata un total de 12 créditos ECTS (300 horas) no itinerario profesional. Estes créditos recoñeceranse como, optativos ou de libre configuración curricular segundo o establezan os planos de estudio.
 - Estas prácticas realizaranse no período que determine a Comisión Académica destas titulacións de acordo coa Dirección do CITIUS, e concretaranse nas convocatorias que faga a USC.

- Ningún alumno terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro deste convenio.
- Estas prácticas non comportarán compensación económica. O feito de que o alumnado realice prácticas no CITIUS non suporá ningún tipo de relación laboral coa Universidade nin determinará a existencia de ningunha responsabilidade pola súa parte.
- Os alumnos que van realizar as prácticas serán seleccionados consonte unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito.
- A Comisión Académica das titulacións de Enxeñaría Informática nomeará a un titor, que realizará o seguimento das prácticas dos alumnos. Así mesmo, o CITIUS nomeará a un titor deste centro que supervisará as prácticas realizadas polo alumno.
- Ao remate de cada período de prácticas cada un dos alumnos deberá realizar unha memoria final sobre o traballo realizado.
- A avaliación das prácticas realizaráase a USC a través do titor/-ra, á vista da devandita memoria e do informe do titor/-ra de prácticas do CITIUS.
- As prácticas soamente poderán ser avaliadas favorablemente se a ausencia non excede do 15% das horas programadas, ou o que determine a gufa docente do programa de estudos.
Se a avaliación da memoria é positiva e o informe da actuación do alumno/a favorable, o responsable do CITIUS emitirá por cada un dos estudantes que participaran con regularidade nas prácticas unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos de investigación ou avaliación, etc. realizados.
A certificación deberá especificar que, para os efectos académicos, queda supeditada á avaliación que realice a USC das prácticas.
- Aqueles alumnos que teñan menos de vinte e oito anos seguen baixo a protección do seguro escolar. Non obstante, no caso de prácticas nas que conorra un risco excepcional, deberá contratarse un seguro de responsabilidade civil ou de accidentes

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2012

O REITOR



[Handwritten signature]
Juan Jose Casares Long